



Ángel Carracedo e Mabel Loza son os impulsores de Innopharma, a plataforma da USC no desenvolvemento de fármacos. Foto: USC.

## A galega Innopharma participa no maior consorcio europeo de medicamentos

A plataforma da USC entra na rede Openscreen ERIC, que reúne equipos de sete países para o descubrimento de novos fármacos

● Por Redacción | 29/10/2018

A coordinadora de plataforma de descubrimento de fármacos Innopharma da USC, **Mabel Loza**, participou recentemente na inauguración da rede europea EU-OPENSREEN-ERIC (European Research Infraestructures Consortium). Innopharma forma parte dese consorcio internacional integrado por equipos de **sete países** que pon a disposición de institucións académicas e científicas, pemes e organizacións industriais implicadas ata 140.000

compostos comerciais que permiten liderar o **descubrimento temperá de fármacos** en todo o mundo. A plataforma da USC constitúe un modelo de innovación aberto dentro do ecosistema galego de I+D+i, impulsado pola Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación para proxectar internacionalmente ciencia feita en Galicia.

En opinión da profesora Mabel Loza, formar parte de EU-OPENSSCREEN-ERIC supón “cumprir os **máis altos estándares** de calidade tanto no que respecta á nosa capacidade técnica como ao valor engadido que achega o noso coñecemento aplicado ao paciente, ademais de acceder a recursos compartidos e bases de datos de altísimo nivel en contornas globais de innovación aberta e facelo de maneira rendible e inmediata”. Na asemblea de membros da iniciativa, á que a **doutora Loza** asistiu como representante científica por parte de España, tamén participou o doutor **José Manuel Brea**, ambos representando á Axencia Galega de Innovación.

## EU-OPENSSCREEN-ERIC

EU-OPENSSCREEN integra as plataformas de cribado de alta capacidade europeas e que utilizan conxuntamente unha colección de ata 140.000 compostos comerciais e patentados recollido por diferentes grupos químicos europeos. Participan **sete países europeos** (República Checa, Finlandia, Alemaña, Letonia, Noruega, Polonia e España) e unha organización internacional (EMBL).

EU-OPENSSCREEN comezou a operar como un ERIC (Consortio de Infraestrutura de Investigación Europea) en 2018. A de Galicia, **Innopharma**,

pertence ás 7 RIs de altas capacidades de dita rede de cribado de fármacos, as cales desempeñan un papel importante no avance do coñecemento e a tecnoloxía europeos, constitúen un importante link na cadea de innovación e son definidos en **Europa** como *hubs* de excelencia científica para xerar novas ideas e traspasar as barreiras da ciencia e a tecnoloxía.